

O ESCRITOR GALEGO E O PROBLEMA DA LINGUA¹

Xesús Alonso Montero

Universidade de Santiago de Compostela

Para Pietro Molteni, que cumpre anos, tan fecundos para nós.

Hai no mundo algunhas linguas moi estudadas, moi arraigadas, ben oficializadas, magnificamente escolarizadas e institucionalmente ben rexidas; pois ben, aínda nestas linguas, hai problemas, o escritor ten problemas. No Madrid de 1868, Bécquer, o gran poeta Gustavo Adolfo Bécquer, no poema prologal das súas *Rimas*, cualifica o idioma de “rebelde” e “mezquino”. É o poema que se abre co verso “Yo sé un himno gigante y extraño”. En efecto, non hai idioma que non sexa rebelde, que non opoña resistencia ó mellor gladiador, ó máis audaz e intelixente escritor, que é quen intenta arrebatarlle, ó rebelde idioma, a palabra xusta, a palabra axeitada, a palabra expresadora, intento van porque o idioma, que é “mezquino”, ademais de “rebelde”, só entrega ó gladiador privilexiado –Dante ou San Juan de la Cruz, por exemplo– o que ten: palabras deslumbrantes, que non son totalmente xustas; palabras cheas de fulgor, que non expresan na súa totalidade o “himno xigante e extraño” que cantaba no interior do espírito de Bécquer.

Así pois, todo escritor, polo feito de selo, ten problemas co idioma no que fai literatura. E isto é así en Lisboa, en Toledo, en París, en Oxford, en Florencia, en Berlín..., e xa era así na segunda metade do XIX, esa época en que algúns escritores de Pontevedra (Pintos), de Santiago (Rosalía), de Ourense (Lamas Carvajal), de Celanova (Curros Enríquez)... protagonizan esa proeza expresiva que consiste en renunciar ó castelán: ó castelán que fora o idioma literario do seu país (cando non o era o latín) durante 400 anos; ó castelán que fora, tamén, o idioma das súas primeiras páxinas literarias. Nese momento, o escritor, que renuncia ó castelán, opta polo galego, opción que habería que estudar en cada caso e en cada

¹ Este é o título da conferencia plenaria que lin o día 17 de setembro de 1996, título que me foi suxerido polos organizadores do Congreso e que eu aceptei honrado e gustoso. De tódolos xeitos, agora que acabo de corrixila para que sexa impresa, sería conveniente que fose lida en función, tamén, destoutro título: “O escritor galego e algúns dos problemas da lingua”.

En canto ás notas, que son vintetrés, non foron lidas no acto do 17 de setembro.

biografía. Estou convencido de que se trata, en xeral, dunha opción cívica (un compromiso, cada un ó seu modo, co país) e, asemade, dunha opción filolóxica, ou sexa, un compromiso coas palabras, consideradas, en certos xéneros e temas, máis auténticas, menos librescas, máis próximas a certas realidades, menos mesquiñas de calor e de color. A partir de aquí, todo ou case todo vai ser problemático. O primeiro problema, non cativo, é o gráfico. ¿Como escribir “unha”, “algunha”, “ningunha”? ¿Como escribir “xeito”, “xabón” e “Xan”? ¿Como escribir “toda a noite” ou “todo o mundo”? ¿Con que aditamento gráfico diferenciar “un oso lambeu un oso”?

Resolto este problema, decididas as peculiaridades da escritura galega, ¿con que criterios elaboran os escritores, no noso idioma, o seu discurso, os seus discursos? Cómpre termos moi presente que os nosos primeiros escritores son persoas cultas, algunhas moi cultas: Pintos foi un experto xurista e un bo latinista; Pondal, médico e asiduo lector de Horacio e Virxilio; Curros Enríquez, que cursou parte da carreira de Dereito, exerceu, novo aínda, un tipo de periodismo para o que cumprían boa información e non pequena cultura; Rosalía, allea a estudos de titulación académica (por lei da época), recibiu unha educación non inferior á das familias esixentes do seu tempo e estivo casada, desde os vinteún anos, co home máis erudito en cousas galegas do século XIX; Florencio Vaamonde Lores tiña unha excelente cultura clásica... O que me propoño dicir é que unha persoa culta posúe –sen necesidade de ter cursado Filoloxía pura– ideas lingüísticas, pero tamén, nalgunha medida, prexuízos lingüísticos. Esas persoas saben tamén que escriben, en principio, para as persoas máis ou menos cultas, incluso para aquelas que non simpatizan co uso literario do idioma galego. Hai que recordar que os nosos primeiros escritores, que escribían na lingua do pobo (o que os marxistas do XIX chamaban pobo), eran conscientes de que as xentes populares, algunha excepción á parte, non serían, nun principio, os seus lectores. A mesma Rosalía confesaba en 1880: “As multitudes dos nosos campos tardarán en ler estos versos, escritos a causa deles, pero só en certo modo pra eles”².

Os nosos escritores, pois, van construí-lo seu galego en función das súas ideas, pero, tamén, en función das ideas supostas nos destinatarios, non necesariamente coincidentes. Pero a gran cuestión –a *questione della lingua* maior– son os problemas que, en todo momento, lles plantea ós nosos escritores o castelán, o idioma no que, faláseno ou non na casa, se fixeron cultos.

Vexamos, moi en esquema, algúns dos problemas e, ó mesmo tempo, as solucións que uns e outros foron propoñendo ou coas que se foron comprometendo.

I

Escribir en galego, desde 1853 (o ano da *Gaita gallega*, de Pintos), implica esta simpleza: non escribir en castelán. Non é incoherente con esta actitude o feito de que, desde

² “Dúas palabras d’a autora”, en *Follas novas*, Habana, La Propaganda Literaria, 1880, pp. XXVII-XXVIII.

o principio, a lingua destes escritores non coincida, no léxico e na gramática, co castelán ou coincida pouco. Non fai falta ser filólogo para saber que “ayer”, “taladro” e “había cantado” son castelanismos, que son substituídos por “onte”, “trado” e “cantara”, operación frecuente, nestes casos e noutros moitos semellantes, nas primeiras décadas do Rexurdimento. Se a pericia filolóxica do escritor é extremadamente escasa, aí está o falar dos vellos da súa aldea ou de aldeas por el coñecidas. Os vellos, pois, son a norma da pureza, da enxebreza, a única nun país en que non hai libros formadores³, escolantes adoutrinadores e academias orientadoras. Os vellos, é dicir, os falantes enxebres (libres, máis ou menos, do pecado castelanizante) poden ser, sen embargo, un perigo, porque o seu exemplo, seguido a ultranza polos escritores, pode xerar unha lingua que o escritor sinta como pouco auténtica, e a autenticidade é o gran argumento en favor do cultivo da lingua non letrada. Con razón afirma unha estudiosa: “Un galego depurado e peneirado resultarlle tan distante como o castelán”⁴. Esta autora, que estudia a lingua de Rosalía de Castro, precisa: “No seu afán de identificarse co pobo, Rosalía escribe na mesma lingua dos cantares que glosa”⁵, lingua –engado eu– moi contaminada xa polo castelán (un exemplo: *Castellanos de Castilla/ tratade ben ós gallegos...*).

Por conseguinte, ante o binomio autenticidade-enxebreza, hai autores que priman o primeiro termo, a lingua real do seu entorno, é dicir, unha lingua castelanizada en non pequena medida. É o caso de Rosalía, se ben cómpre aclarar que mesmo esta escritora non foi allea a un certo labor descastelanizador. Na segunda edición de *Cantares gallegos* observamos, entre outras, estas modificacións: dulce → doçe; calle → rúa; sólo → soyo... Hai razóns para pensar que estas galeguizacións, introducidas na edición de *Cantares* de 1872, son obra de man allea, de Murguía. Rosalía sería, por conseguinte, un dos casos máis claros de lingua natural, de lingua real, ás veces ateigada de castelanismos.

II

Vimos de ver que hai escritores que aceptan, sen problemas, en gran parte, o seu galego comarcal, tanto no léxico como en certos recursos gramaticais, ou sexa, a súa literatura é en boa parte, “oratura”. Agora ben, non é así na fonética onde dous fenómenos moi notorios, a gheada e o seseo, reprobados, en xeral, pola erudición, teñen moi escasa presenza nas páxinas dos escritores, sobre todo a gheada. A mesma Rosalía, tan realista

³ Lembre o interesado nesta cuestión as palabras de Rosalía, en 1863, no prólogo de *Cantares gallegos*: “Sin gramática, nin regras de ningun-ha clás, ó lector topará moitas veces faltas d’ ortografía, xiros que disoarán ós oídos d’ un purista, pró ó menos, e prá disculpar en algo estes defectos, puxen o mayor coidado, en reproducir ó verdadeiro esprito d’ ó noso pobo...”.

⁴ Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria, *Algúns aspectos da lingua galega de Rosalía de Castro* (Memoria de Licenciatura), Universidade de Santiago de Compostela, 1986, p. 136 (in.).

⁵ *Ib.*

sempre, tan valdesiana, rexeita totalmente a gheada (ou é que nada sabemos do valor de certos grafemas). En canto ó seseo, está presente só parcialmente na súa obra, máis en *Cantares gallegos* (1863) ca en *Follas novas* (1880), como se a súa actitude fose, co paso do tempo, menos favorable. De tódolos xeitos, neste aspecto aínda agardamos traballos que nos aclaren se a súa norma era a de Ortoño ou a doutros lugares. Algo, moi atinado, dixo Antón Santamarina nun estudio inédito, que ten en conta Francisco Fernández Rei nun capítulo, imprescindible para a nosa cuestión, da súa rigorosa *Dialectoloxía*⁶. Se deixamos a Rosalía, a partir dela, fosen os escritores de terras seseantes ou non seseantes, a literatura galega rexeitou o seseo. Fernández Rei, minucioso como sempre, rexistrao, nalgúns autores, en tales ou cales voces, sobre todo en situación implosiva. Xa é significativo que escritores como Castelao e Rafael Dieste, de dialecto natal con seseo e gheada, rexeiten, como norma, a gheada e o seseo.

Escritores ten habido tan galeguistas que recuperaron “onte”, “xoves” e “xeonllos” e inventaron, no laboratorio do seu maxín, “hourizonte”, “entraña”, “cadeirádego” e “co-seita”, na crenza de que estas voces, nesas formas, eran as enxebres. Pois ben, aínda estes escritores, non poucos no XIX e no XX, rexeitan, todos, o seseo e a gheada (igualmente, nas manifestacións cultas da lingua oral, case tódolos conferenciantes, profesores, locutores, parlamentarios, etc.). En 1966, hai trinta anos, expliquei este fenómeno en termos que agora reformulo⁷. En efecto, o escritor máis enxebriista, tan enxebriista que, ás veces, faise hiperenxebriista, é galeguista –anticastelanista– no vocabulario e na gramática, pero na fonética, el, tan galeguista, é antigaleguista. O escritor –ou o orador– que rexeita a gheada e mailo seseo, constrúe un galego de aversión, de xenreira ó galego, paradoxo que esixe, pola nosa parte, unha explicación. En realidade, o cidadán alienado –a inmensa maioría onte– interpreta a presenza frecuente de “jato”, “jando”, “serdeira”, “sivil”... como signos moi galegos, de galego “moi cerrado”, no sentido de rudo, bruto, montañés, túzaro case. Por conseguinte, neste territorio da nosa fonética, o ideal lingüístico dos escritores galegos, algúns moi enxebristas noutros eidos, é a consecución dun idioma coincidente co castelán: o modelo é o castelán. Otero Pedrayo e Filgueira Valverde, que usan, a cotío, “montana” (*et non solum*) son, no léxico, anticastelanistas –anticastelanistas excesivos, hiperbólicos–, mais, cando pronuncian “gando”, militan, quizais dun xeito xa non moi consciente, na causa do antigaleguismo, dun antigaleguismo radical. Nesta cuestión hai tempo, sen embargo, que alguén proferiu o *alea iacta est*, e o porvir do galego será un porvir sen seseo e sen gheada. Sen dúbida ningunha.

⁶ *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais, 1990, pp. 201-202. Convén reter: “Opinión diferente da de Carballo Calero é a expresada por Antón Santamarina, que considera que en Rosalía aparece «s» ou «z» dun xeito absolutamente arbitrario. Para Álvarez Ruiz de Ojeda, engade Fernández Rei, «o seseo non é norma, pois non se dá dun xeito sistemático, senón selectivo e mesurado». A autora recoñece –finaliza– que o seseo «ten unha densidade maior nos *Cantares* ca en *Follas*»”.

⁷ “Ensaio de Bilingüística: galego e castelán fronte a fronte”, *Grial*, Vigo, 13, 1966. O fragmento básico reproducéo Fernández Rei (*Dialectoloxía*, p. 180).

En Galicia, en 1850, o galego non era a lingua dos libros, nin a da escola, nin a das cátedras, nin a do púlpito, nin a da prensa, nin a do foro, nin a da Administración, nin a dos poderes oficiais..., situación, en non pequena parte, semellante á do catalán en Cataluña. Hai, noutra esfera da vida, unha diferenza moi importante, fundamental: o catalán fálanos no fogar, no mercado, nas tendas, no café e noutros espazos de relación humana o médico e o carpinteiro, o “pagés” e o farmacéutico, o profesor e o tranviario, o taberneiro e o arquitecto. O profesor de Dereito ou de Literatura que non imparte as clases en catalán, fala no seu idioma coa súa familia, cos seus veciños e cos seus colegas. Quero dicir que na Barcelona de 1850 ou 1860 unha parte importante do estamento culto desa cidade falaba, mesmo *inter pares*, o catalán. Había, pois, ademais do catalán “pagés” e popular, un catalán –oral– culto, que era o empregado e elaborado polos estamentos cultos, especialmente cando os individuos destas clases conversaban sobre temas “elevados”. En calquera caso, as voces, as formas e os trazos fónicos deste catalán –aínda os trazos, formas e voces coincidentes co catalán popular– tiñan, para tirios e para troianos, prestixio, e tiñan prestixio polo feito de seren voces e formas utilizadas por persoas de prestixio. Cando, algúns anos despois, Verdaguer e os outros renacentistas inicien o discurso literario moderno farano nunha lingua que falan co menestral ou coa mandadeira pero tamén cos do seu igual en cultura e consideración. Outra, totalmente distinta, é a situación do galego, onde, por esas datas, como dixo Emilia Pardo Bazán, despois de citar a Renaixença catalana, “el gallego no lo hablan los que lo escriben”⁸. Non o falaba Murguía con Rosalía, a súa muller, nin cos seus fillos, nin sequera con Eduardo Pondal. O comportamento idiomático de don Manuel Murguía era a norma, foi a norma durante non poucas décadas entre os letrados galeguistas.

Os primeiros escritores do Rexurdimento, ademais de ignoraren a nosa literatura medieval (ou coñecela moi deficientemente), non teñen como referencia, patrón e estímulo os sociolectos cultos do idioma galego, que non existen, e non existen porque o arquitecto, o profesor e o médico non conversan, *inter pares*, nesa lingua.

Rebus sic stantibus, asómbreme unha carta de 1895 de Florencio Vaamonde Lores, escritor polo que teño devoción. Este é o parágrafo que nos importa: “El lenguaje que yo usé

⁸ Paga a pena citar *in extenso*:

“Hoy el gallego posee, como el catalán y el provenzal, una nueva literatura propia; pero, a diferencia de estos dos romances meridionales, el gallego no lo hablan los que lo escriben” (“¿Idioma o dialecto?”, en *De mi tierra* (1888), Vigo, Xerais, 1984, p. 296).

Aínda que, ó meu ver, esaxera verbo do provenzal, retéñase esta consideración.

Non importan menos estoutas palabras de dona Emilia, moi pouco –ou nada– tidas en conta polos estudiosos do noso Rexurdimento: “Al afirmar que el atraso de la lengua gallega nace de su carencia de literatura, no me refiero sólo a las bellas letras. También es cultivo literario para un idioma la conversación entre gentes instruidas, la oratoria sagrada y profana, los instrumentos públicos; y en Galicia esto se hace en castellano. No así en Cataluña, donde todas las clases sociales, para todos los usos de la vida, se sirven del habla provincial; por eso allí un leve chispazo bastó a encender la inmensa hoguera de la «renaixensa» literaria...” (“La poesía regional gallega” (1885), *op. cit.*, p. 19).

y uso es casi el corriente en la ciudad de Betanzos entre la gente culta e instruída, porque como V. tal vez no ignora, Betanzos es un pueblo donde lo mesmo el médico que el abogado, el comerciante que el artesano hablan siempre en gallego”⁹. A miña devoción por don Florencio, excelente poeta e pioneiro na traducción dos clásicos, non é tanta como para subscribi-lo que el escribiu. De feito, podíamos aducir testemuños moi distintos, contemporáneos e anteriores, sobre a estratigrafía lingüística noutras vilas e cidades. Deixemos a Juan de Valdés, para quen o castelán xa se falaba en Galicia, mesmo entre a xente “vulgar”, a comezos do século XVI¹⁰, e citemos, unha vez máis, un texto dun lingüista portugués moi sagaz (Duarte Nunes de Leão, *Oríxem da lingua portuguesa*, 1606): “Da qual lingoa gallega a portuguesa se aventajou, quanto na copia e na elegancia della vemos. O que se causou por em haber Reis e corte que he a officina onde os vocabulos se forjão, e pulem e donde manão para os outros homes, o que nunqua houve em Galliza”¹¹.

Ninguén no Renacemento europeo formulou con máis xeito esa “lei” sociolingüística segundo a cal é na corte, como oficina de cultura e de poder, onde se forxan e pulen os vocábulos que, logo, co prestixio dos seus forxadores e pulimentadores, chegan a outras instancias e ámbitos onde son gustosamente acollidos. Estamos, como dixen, moi a comezos do XVII onde a Corte –as oficinas do Poder– deciden nesta cuestión non só en Portugal. O doutor Francisco López de Villalobos admite, en 1515, aínda sendo leonés, a gran dignidade do castelán de Toledo “por la gran nobleza de caballeros y damas que allí viven”¹². Sabido é que desde Fernando III o Santo e Afonso X o Sabio a cidade de Toledo foi importante centro de poder e de cultura. Convén aclarar que o castelán de Toledo foi estimado non por motivos xeográficos senón por motivos socioculturais, cuestión que definiu con singular tino Cervantes en 1615, na segunda parte do *Quijote*: “El lenguaje puro, el elegante y claro está en los discretos cortesanos, aunque hayan nacido en Majalahonda”¹³.

En efecto, eran os cortesáns, os homes e as mulleres da Corte, os que fan gala da súa cortesía nos grandes estrados, os que forxaban e pulían os vocábulos. Pasado o tempo, no XVIII e no XIX, a lingua fórxase e púlese, polas persoas cultas, noutras instancias e noutros espacios, alí onde estas persoas falen con conciencia da súa cultura, desde a conversa no fogar á conferencia profesional pasando pola tertulia literaria no café e os encontros formais ou informais entre conxéneres. Estas persoas, residan en Santiago de Compostela ou en Coirós, pulen e prestixian a lingua. O que acontece é que en Coirós, Santiago, Ribada-

⁹ Carta (iné dita) a Xesús Rodríguez López que debo –e agradezo– ó profesor Manuel Calvo López.

¹⁰ Lémbrese o texto de Valdés: “...como la lengua castellana se habla no solamente por toda Castilla, pero en el reino de Aragón, en el de Murcia con toda el Andalucía, y en Galizia, Asturias y Navarra, y esto aun hasta entre la gente vulgar, porque entre la gente noble tanto bien se habla en todo el resto de España...” (*Diálogo de la lengua*, ed. de Cristina Barbolani, Madrid, Cátedra, 1982, p. 142).

¹¹ Lisboa, Pro Domo, 1945, p. 244.

¹² No *Diálogo de las fiebres interpoladas*, 1515. O texto cita o Amado Alonso no seu maxistral libro *Castellano, español, idioma nacional. Historia espiritual de tres nombres* (1943), Buenos Aires, Losada, 1979, p. 61.

¹³ *Quijote*, II, 19.

via, A Fonsagrada e, incluso, Betanzos, no século XIX, as persoas de certo rango social e cultural falaban, como norma (non como excepción), o castelán. De feito, o labrego ou o menestral que contempla esta bilingüística sociolóxica entende, en certo modo, que o sociolecto culto do galego é o castelán. Incluso un catedrático da Universidade de Santiago, en 1881, pensa dunha maneira máis ou menos semellante ó falar do latín culto e do vulgar: “Como sucede en todos los pueblos, y esto se repara poco al ejercitar el dialecto gallego, había lengua noble y lengua plebeya”¹⁴.

En canto ó galego das vilas e cidades no período do Rexurdimento, cómpre sinalar que era o galego das xentes menos poderosas e letradas, pero máis castelanizado que nas aldeas e nas vilas pequenas. Pois ben, este galego das cidades foi proposto, nese tempo, como modélico. Vicente de Turnes, en 1860, móstrase partidario do galego “culto y pulido que se habla en las villas y ciudades civilizadas” e non do “tosco y rudo que hablan las gentes del campo”¹⁵. Hai máis pronunciamentos deste tipo. En 1883 Manuel Martínez González deplora “que nuestros vates contraigan el decidido empeño de escribir... en vez del gallego culto o perfeccionado de las grandes poblaciones, el rudo y mal escogido que emplean nuestros aldeanos”¹⁶.

Un sociolingüista alleo quizais conclúa que nas cidades galegas, na segunda metade do XIX, existía un galego culto, elevado, urbano, o que implicaría que os estamentos cultos falaban habitualmente e con normalidade a lingua galega. Falábana os zapateiros, os taberneiros, os fámulos, os afixadores..., e falábana máis castelanizada, máis erosionada polo castelán. Quizais tiña ese galego menos gheada e menos seseo que o galego dos arrabaldes e das aldeas veciñas. Quizais outras peculiaridades do galego tiñan moi escasa presenza no galego urbano, tan erosionado, por exemplo, o infinitivo conxugado. Só así se explica, creo, o que Manuel Rodríguez y Rodríguez, non alleo ós saberes lingüísticos, decreta en 1900: “...es una verdadera aberración lingüística [...] es una anomalía gramatical intolerable, que debiera desaparecer...”¹⁷. Teño a sospeita de que lle parecía aberrante por ser un recurso moi presente na aldea e inexistente, ou pouco menos, na cidade. Porque poucos anos antes, en 1892, Rodríguez y Rodríguez foi capaz de escribir: “Ciertos defectos lingüísticos abundan mucho en las aldeas muy separadas de las capitales a donde van a buscar algunos escritores el verdadero lenguaje gallego...; no debe buscarse en la montaña entre las brañas cuyos habitantes, en vez de hablar, braman en la lengua natural... el verdadero gallego debe buscarse en el interior de Galicia en los pueblos comarcanos y las capitales de provincia”¹⁸.

¹⁴ Bartolomé y Casal, Pedro, *Epítome de literatura griega y latina*, Santiago, 1881, p. 20.

¹⁵ Carta inédita obrante na Biblioteca Provincial de Vizcaya, Bilbao.

¹⁶ *Poemas gallegos seguidos d'un tratado sobr'o modo de falar é escribir con propiedade ó dialeuto*, Pontevedra, Tip. de José M. Madrigal, p. 130.

¹⁷ “Apuntes gramaticales sobre el romance gallego...”, en *Crónica Troyana*, ed. de A. Martínez Salazar, La Coruña, 1900, p. 58.

¹⁸ “Declinación gallega”, *Galicia*, La Coruña, diciembre, 1892, p. 341.

Quizais non haxa no sistema lingüístico do galego un recurso tan singular; de feito, non existe noutras linguas románicas (agás, naturalmente, no portugués). Paradoxalmente, recurso tan peculiar, lonxe de ser motivo de orgullo, é, na pluma do gramático Manuel Rodríguez (e doutros)¹⁹, obxecto de excomunión. Hai que pensar, como xa dixen, que a súa notoria presenza no galego rural impregnouno, para este curioso sociolingüista, de connotacións negativas. Sexa como for, estamos, de novo, ante un caso de galego feito desde a aversión, desde a xenreira ó mesmo galego.

IV

O galego das primeiras décadas do século XX é, en xeral, un galego diferencialista, moi diferencialista, ás veces extremadamente diferencialista. Para algúns, o galego vale na medida na que os seus vocábulos difiren do castelán. Se “ser diferente é ser existente”, un idioma de características moi próximas ó castelán sería un idioma de pobre entidade, un idioma pouco idioma. Os camiños do diferencialismo, algún lexítimo, son:

- a) Se na fala coexisten lúa-luna, falara-había falado, hai que optar polo primeiro termo, que é o dos vellos, o de sempre, o do país. Procedemento lexítimo.
- b) Se na fala hai o dobrete coello-conexo, hai que rexeita-lo segundo termo, só aparentemente galego. Procedemento lexítimo.
- c) Como na fala existen “orador”, “entraña”, “vozes”, escritores hai, posuidores de pobres rudimentos de gramática histórica, que crean “ourador”, “entraña”, “vouces”..., o que moitos chaman hiperenxebrismo. Procedemento tan ilexítimo case como abundante. Un home tan extraordinariamente intelixente como Carballo Calero usa en 1975 estes produtos de laboratorio: “A chaneza da súa sintase”, “da chaeza da súa orixe”²⁰.
- d) Ante unha familia de voces máis ou menos próximas no significado, a elección recae na palabra que difire, no significante, do castelán ou na que máis difire. Un *Vocabulario castellano-galego* de 1979 presenta entradas coma estas:

Explicación: explicación, explicadeira, falencia.

Desconfiar: desconfiar, escazurrar, acanourar.

O menos desaxeitado dos sinónimos, non coincidentes co castelán, é “explicadeira”, válido na lingua coloquial ás veces pero inadmisíbel en quen, nunha conferencia douta, faga a explicación dunha cuestión.

¹⁹ Non está moi lonxe, de M. Rodríguez, Marcial Valladares na súa *Gramática gallega* de 1892: “Esta conjugación, especie de futuro imperfecto de subjuntivo, creemos que ni es precisa ni debe aconsejarse” (Vigo, Galaxia, 1970, p. 53).

²⁰ *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1975, pp. 430 e 713. Carballo Calero, que tan ben discorreu en non poucas páxinas da súa *Gramática gallega*, sorpréndenos, na mesma obra, con usos coma estes: “reises” (70), “leises” (293), “todo esto conduciulle á perda da escola” (524), “a súa temática *hase ampliado*” (692)...

Con este criterio, en boa parte, redactouse o *Vocabulario castellano-gallego* das Irmandades da Fala, editado en 1933 e fonte –pouco limpa– de escritores aprendices e consagrados antes e despois da Guerra Civil. Véxanse algunhas entradas:

Excelencia: excelencia, barileza.
 Excusa: excusa, escusanza, sécola.
 Exploración: exploración, asallo.
 Expósito: botado
 Expulsar: expulsar, espelir, barir.
 Expulsión: espulsión, baniçon
 Extraño: extraño, estraio, forañ, alleo, billostre

Xuro que abríñ ó chou polas páxinas do “e”; fágoo agora nas do “m”, “n” e “o”:

Monte: monte, alpe, orol
 Morar: morar, pousar
 Necesidad: necesidade, arregueixo
 Observar: asexar, alucar, albiscar
 Ocasión: emposta, chagón, conxeito, vagar

Cando se estudie a lingua literaria dese período, imos comprobar, con feitos, a vontade diferencialista de moitos escritores.

e) Abundancia de vocábulos técnicos e científicos tal como se pronuncian na fala máis vulgar: gramáteca, Fiseca, Metafiseca, Matemátecas, hestórea, cencia, románeco, góteco, cósmeco... Tomo estes exemplos dun ensaio de Otero Pedrayo de 1927, “Meditacións composteláns”, publicado na revista *Nós*. No mesmo ensaio atopamos artístecos, filósofecos, sensetivo, apostótecos, íntema e exemplos de “galego de acordeón”: dispoiceón, figuraceón, intuiceón... Se engadimos a estes trazos algúns dos sinalados noutros apartados (montana, entrana...) e outros aínda non examinados, este texto de don Ramón, collido ó chou, proba elocuentemente o afán diferencialista dun escritor tan importante. É tan diferencialista aquí e en cen títulos máis que, ás veces, a artificialidade e vulgaridade do seu idioma cuestiona ou desvirtúa o inmenso talento literario do seu autor. ¡Curioso diferencialista don Ramón que neste texto e en moitos outros inza as súas páxinas de construcións nas que omite o artigo determinado ante adxectivo posesivo!

V

Cómpre volver ó problema dos sociolectos do galego na lingua oral, e digo problema porque, de entrada, non está claro se existen sociolectos decididamente cultos no Rexurdimento e na primeira metade do século XX. Se os estamentos cultos só falan o galego episodicamente e en funcións subalternas, a Corte e os “cortesáns” do noso idioma,

¿ubi sunt?; as oficinas onde se pulen os vocábulos, ¿u-las? En Cataluña, a comezos deste século, un codificador patriota e xenial, Pompeu Fabra, estableceu os criterios do patrón e da norma culta a partir, en non pequena medida, da práctica lingüística de Barcelona, cidade na que contaban e pesaban os falantes cultos de catalán.

¿É lexítimo, como fan moitos estudiosos nosos, falar, respecto dun escritor galego, de que prefire o galego culto ó galego popular ou viceversa? ¿Cal é –pregunto eu– o galego culto oral na época de Curros Enríquez, na de Cabanillas ou na de Otero Pedrayo?

Eu acabo de sinalar, nun texto ensaístico de don Ramón, un número non moi escaso de vulgarismos, entre eles, Físeca, Metafíseca, Múseca, góteco, gramáteca e hestórea. Ben sei que algúns destes termos eran de uso case nulo entre as xentes do pobo (góteco, Metafíseca), pero sei tamén que, tanto nestes casos como noutros máis presentes na conversa, as persoas de certa ilustración, cando falaban en galego, aínda que fose ocasionalmente, dicían Física, Música, Historia, Gramática e románico. Sabemos polos sociodialectólogos do castelán que, hoxe coma onte, as xentes populares, en non poucos lugares, non son alleas a esta pronunciación; o que acontece é que no castelán impúxose a forma usada polas persoas máis doutas, que, nestes casos, é a etimolóxica. Non será inoportuno lembrar que a forma “Estoria” tivo, no século XIII, prestixio, tanto que alcanzou os honores da escritura nun título dunha importantísima obra elaborada nas oficinas de Afonso X o Sabio: *Grande e General Estoria*. Andando o tempo, o castelán escrito e culto optou por Historia. Como o galego de hoxe, pese á *auctoritas* de don Ramón Otero Pedrayo.

VI. “ESTUMBALLADO” (DE HORACIO/ AQUILINO) E UNHA POLÉMICA: RODRIGUES LAPA, RAMÓN PIÑEIRO E ÁLVARO CUNQUEIRO

Unha lingua non utilizada, normalmente, polas clases cultas e prestixiosas da sociedade, é, *velis nolis*, unha lingua que connota pouca urbanidade. Considérase un *sermo plebeius*, non un *sermo urbanus*. A urbanidade é, tradicionalmente, unha virtude urbana, da cidade, superior, nesa tradición, á ruralidade, que son as maneiras e o acento do *rus*, da aldea. O galego, lingua predominantemente rural, é, na estimación de moitos, unha lingua allea a un valor social fundamental: o da urbanidade. Dito doutra maneira, unha lingua maleducada ou con pouca educación. Conviría –teñen opinado algúns– liberala dos seus farrapos para poder levala ós estrados da cidade: sacala do cortello de xeito tal que puidese ser presentada na Corte. Non estou facendo, por facer, xogos de palabras; estou “prologando” –se se me permite a lección– un texto teórico de Ramón Piñeiro que é esencial, nesta materia, para saber de onde vimos e onde estamos. Este é o texto, breve por outra parte:

“Tendo en conta que os recursos espresivos do galego son, pol-o xeneral, de orixe campesiña, a primeira etapa da súa conversión en língoa de cultura superior debe consistir na escolma de aquela parte do seu vocabulario que, entremedias da riqueza de

variantes propia das línguas de vida puramente oral, teña posibilidade de unha meirande dinidade literaria, procurando debullalo da codia de ruralismo vulgar a que o conduxo un abandono literario de séculos.

“Entendemos que a nosa evolución lingüística aínda non pasou d-ista etapa de escolma a unha etapa, necesariamente posterior, de unificación. Hoxe en día non se podería trazar un lindeiro craro e seguro entre “galego literario” e “galego popular”, inda que estamos en camiño de acadar tal diferenciación.”

Estes dous parágrafos figuran nas páxinas preliminares do *Cancioeiro da poesía céltiga*, a famosa compilación de Pokorny traducida ó galego por Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro. Publicouno a editorial Bibliófilos Gallegos o 1 de marzo de 1952 (repárese nesta precisión cronolóxica). Piñeiro sabía que era esencial, indispensable, dignifica-lo galego, empresa para a que recomenda, como única medida, “debullalo da codia de ruralismo vulgar”, o que o leva, neste mesmo texto, a arrepoñerse ó seu admirado Otero Pedrayo, razón pola cal escribe “diferenciación” e non “diferenciación”, opción que, sen deixar de ser galega, é máis “digna” (por coincidir co castelán). Con esta decisión Piñeiro atenta, en parte, contra o mito do diferencialismo a ultranza, pero faino en nome da dignidade que, nesta ocasión, non se desentende da autenticidade e da enxebreza. Conste que Piñeiro, tan preocupado por elaborar un galego culto (a el se debe o das primeiras publicacións de Galaxia), non rexeita totalmente certos diferencialismos, un aínda presente, hoxe, en escritores como Méndez Ferrín: amábel, tratábel, etc. (A normativa actual non se atreve a desautorizalo.)

Agora ben, salvo os vulgarismos de que vimos falando, ¿que outras parcelas vulgaristas hai na “codia de ruralismo vulgar” a que Piñeiro se refire? Ímolo ver achegándonos a unha polémica lingüística, oral e xorda naqueles anos, e con textos e precisións despois. Os parágrafos de Piñeiro que vimos de transcribir son as liñas máis significativas do capítulo “O criterio da tradución [*sic*]” do prólogo do *Cancioeiro* de 1952, do 1 de marzo de 1952. Un ano antes (o 14 de marzo de 1951) este volume fora premiado, nun Certame de traducións, pola editorial santiaguesa Bibliófilos Gallegos, certame no que foi finalista Aquilino Iglesia Alvariño coa versión galega dos catro libros das *Odas (Carmina)* de Horacio, versión, a xuízo do xurado, de “excepcionales méritos”, tantos que, por unanimidade, propoñen á editorial a “edición de dicha Obra”. E a obra –*Carmina* ou *Libro das cancións*– sae do prelo o 7 de xuño de 1951, ou sexa, dez meses antes da laureada co primeiro premio, o que non deixa de ser estraño. Tamén estraña que a edite outra entidade, o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. Hai outras estrañezas: unha, que no xurado, de cinco membros, só un soubese alemán e dous latín, e outra, que a obra premiada non fose tradución duns textos desde a lingua orixinal (os dialectos celtas) e si desde unha lingua intermedia (o alemán). Estamos ante un problema e un novelo que eu desengueleo –creo– no meu libro *Horacio en Galicia* (inédito)²¹. O que agora máis nos interesa son as liñas coas que Aqu-

²¹ Nota do 2003: Vid. o meu estudio “A tradución galega, por Aquilino Iglesia Alvariño, das *Odas* de Horacio (1951). Problemas no contexto e no texto”, en *Insights into Translation* (ed. de Adolfo Luís Soto Vázquez), A Coruña, 2001.

lino abre o seu prólogo: “O que me guiou a desvestir a Horacio da súa vella toga airosa pra levalo polas nosas corredeiras non foi a ilusión de revivir a súa gracia, a finura do seu arte...”. Se non entendemos mal, non se propón, ó traducir a Horacio, captar “a finura do seu arte”, senón riparlle a toga urbana e coidada de egrexio cidadán romano e vestir, a este poeta tan culto, tan cultivado e tan escolleito, coa corozza montañesa que usaban no noso país os que palicaban nas feiras, no adro da igrexa e nas corredeiras de tódalas aldeas. O lector atento do *Libro das cancións* sabe que Aquilino, en boa parte, conseguiu.

Quen se debruce, atento, sobre as páxinas deste *Libro das cancións* atopará, alarmado, solucións coma estas: “o tógaro de Aquiles” (...insolentem... achillem; II, 4); “Todo o que ama un ten con ten dourado” (Auream quisquis mediocritatem diligit; II, 10); “Morrer é doce, é cousa que dá xenio” (dulce et decorum est pro patria mori; III, 2).

Cómpre ter en conta que algunhas destas versións, con logros expresivos e pintorescos, non lle acaen ó latín culto, ponderado, ¡clásico! de Horacio, sobre todo nas *Odas* (nas *Sátiras* –que son os sermóns, e sermo é conversa– os criterios coloquiais de Aquilino serían menos desaxeitados).

Nas conversas da época en Santiago –eu asistín a algunhas– a Aquilino reprochábanlle que non evitase, e mesmo procurase, solucións pintorescas, decididamente ruralistas e algunhas paifocas. Estas críticas, que, en boa parte, viñan, directa ou indirectamente, de Ramón Piñeiro, aducían sempre, ou case sempre, o fragmento “...nunc viridi membra sub arbuto/ stratus”, da oda I, 1, que é, nin máis nin menos, unha oda a Mecenas. No verso de Aquilino –“ben a unha sombra verde estumballado”– o que se censuraba acedamente era o participio “estumballado”, versión de “stratus”. Como os detractores de Aquilino atoparon na segunda páxina do libro unha solución tan punible e tan na liña do aducido no prólogo, moitos non procuraron outros trazos desta índole, nin sequera nunha oda bastante próxima, a II, 3, onde “in remoto gramine.../ reclinatum” volve a ser “estumballado/ nun pradelo escondido”.

O certo é, sen embargo, que Piñeiro e os escritores mozos adoutrinados por el non manifestaron daquela por escrito a radical oposición ós criterios lingüísticos de Aquilino, pero, pasados non poucos anos, o participio “estumballado” vai ser argumento importante nunha polémica iniciada por Manuel Rodrigues Lapa e na que intervirán, axiña, Ramón Piñeiro e Álvaro Cunqueiro. O profesor Rodrigues Lapa, no seu afán de negarlle ó galego real a posibilidade de converterse nunha lingua de cultura, “utiliza” o verso de Aquilino, sobre o que discutira en Santiago con Piñeiro, deste xeito:

“Aquele *viridi membra sub arbuto/ stratus*, que o Venusino dedicava aos delicados gozadores da vida na paz singela dos campos, é-nos traducido, aliás sem precisión, neste verso, que arrepiaría o poeta latino, se viesse a este mundo e comprendesse o galego: *ben á unha sombra verde estumballado*. A forma estumballado, dotada certamente de forza expressiva, quadrará ao labrego que se deixa cair para baixo do erveideiro, com a barriga ao léu e a camisa encharcada em suor; mas não traduz, claro está, os modos decentes e a compostura do caçador de ócios.”

No seu artigo de 1973, “A recuperación literaria do galego”²², o profesor Lapa non aduce outros textos, nin sequera a traducción de *reclinatum*, de novo “estumballado”, da oda II, 3. Sabido é que Piñeiro, nunha réplica que é un exemplo de enerxía intelectual e de educación, desmontou os argumentos do profesor R. Lapa. Sobre o litixioso verso escribe Piñeiro nesta “Carta aberta a don Manuel Rodrigues Lapa”²³: “...a extraña arbitrariedade de escoller os *Carmina* de Horacio traducidos por Aquilino como símbolo das cualidades literarias do galego. Para que o galego literario teña que ser o portugués, cómpre negar as posibilidades literarias do propio galego. E para dar unha proba das súas limitacións negativas, por ruralismo, o exemplo de Aquilino víñalle ben. Mais ocorre que o exemplo só demostra as cualidades e as intencións do propio Aquilino, non as do galego. Hai varios humanistas nosos que poden traducir os *Carmina* ao galego con tanta gracia e elegancia poética como a que acaden vostedes no portugués. Pode estar ben certo”. Chegado aquí, Piñeiro recórdanos aquela páxina do Pokorny: “Contemporánea dos *Carmina* é a traducción do *Cancioeiro da poesía céltiga*..., que non incurrir no ruralismo localista de aquela, como no seu día reconeceu espontaneamente o noso amigo. Non só non incurriu senón que, no prólogo, declárase expresamente que a transformación da lingua oral campesiña en lingua literaria impón un labor selectivo entre a inmensa riqueza de variantes para escoller aquelas que ofrezan maiores posibilidades de dignidade literaria, depurando a lingua da codia de ruralismo vulgar creada por un abandono literario de séculos”.

Semanas antes da esclarecedora “Carta aberta” de Ramón Piñeiro, Álvaro Cunqueiro, no *Faro de Vigo*, publica, en resposta ó artigo de Rodrigues Lapa, “Recuperación literaria do galego”²⁴, no que lemos: “...cando di, ao falar da traducción galega dos *Carmina*, que nela bótase de ver a incapacidade do galego para expresar o requintado e aristocrático estilo de Horacio: do que non se decata Lapa –e isto si que é incompreensible no eminente filólogo– é que a incapacidade e ruralismo e a pouca fortuna da traducción están no traductor, non no galego. E cando o desexe, farémoslle unha demostración ou cantas queira”. Debo aclarar, para unha lectura correcta deste texto, que Cunqueiro era, desde moi novo, gran amigo de Aquilino, e, desde novo tamén, gran admirador da súa poesía.

Alguén debería escribir unha monografía sobre os esforzos por conseguir un galego selecto, urbanizado, escolleito, en función da polémica suscitada pola palabra “estumballado”, que xa foi proscrita por Evaristo Martelo Paumán en 1885 na súa sátira en verso *Os afillados do demo*, sátira na que reproba a gheada e solucións como “hestoria”, “vouces” e “doime o bandullo” (reparen, no Vocabulario citado de 1979, a traducción de “estómago” é “bandullo”). Neste *Vocabulario* a traducción, única, de tumbado é “estumballado”. “Estumballar” xa non figura no *Xerais Castelán-Galego* como traducción de “tumar”.

²² *Colóquio/Letras*, Lisboa, nº 13.

Piñeiro, antes de polemizar co profesor Rodrigues Lapa, ten a cortesía intelectual de reproducir este artigo no nº 41 de *Grial* (1973), o anterior á súa réplica.

²³ *Grial*, 42, outubro-décembro, 1973.

²⁴ *Faro de Vigo*, 9-9-1973, art. recolleito no vol. do autor *Obra en galego completa. Ensaíos, IV*, Galaxia, 1991, pp. 31-37.

Sen dúbida, temos avanzado algo, pero aínda quedan, moi estendidos, catro vocábulos sobre os que cómpre chama-la atención. Na TVG (*et non solum*) só se fala de “cartos”, nunca de “diñeiro”; son bastantes os que se refiren a un “fato de persoas”, metáfora zoolóxica pouco tolerable; algúns locutores deportivos falan de “estragar unha ocasión de gol” e non de “desperdiciar”, e son moitos, case todos, os que nunca escribiron “sacerdote” e, case sempre, “crego”. En calquera dos tres casos, o criterio determinante é o de non coincidir, ou coincidir pouco, co castelán, o que nos leva a empregar, “estomballadamente”, en situacións serias, opcións coloquiais, e no caso terceiro, coloquialismos un pouco humorísticos ou despectivos. Por este camiño chegamos a enunciados coma estes: “Un fato de cregos con cartos”. Toda lingua, nos seus enunciados formais, procura, como ben máximo, a urbanidade e a pulcritude, pulcritude que, en linguas da nosa socioloxía, cómpre, sempre, extremar. Claro que hai situacións en que o anterior enunciado é válido, as satíricas, humorísticas, pintorescas ou paródicas, situacións nas que é lícita e aconsellable esta formulación: “Un fato de cregos desbrejoletados, co bandullo ó aire, estaban, estumballados, á sombra da Catedral”. Pero un locutor da radio, un historiador ou un conferenciante formal ten que optar por algo así: “Un grupo de sacerdotes, algúns enfermos do estómago, xa moi cansos, deitáronse á sombra da Catedral”.

Insisto neste punto porque esta concepción da lingua, un pouco máis extremada, ten cristalizado en manifestacións intolerables: unha lección sobre terminoloxía do corpo humano nun utilizadísimo libro de texto, no que os nomes formais das partes pudendas son “carallo”, “cona”, “collóns”, etc.

VII. DIFERENCIALISMOS DE HOXE E UNHA PROPOSTA

Repáren nestes casos.

“Acadar” sempre se usa como o equivalente rigoroso de “alcanzar” ou “conseguir”, esquecendo o seu usuario esta frase pedagóxica: “Fran, de penalti, conseguiu o primeiro gol, pero, logo, noutro penalti, Buyo acadou o balón”.

Algúns autores escriben “avantar”, como sinónimo estricto de “avanzar”, esquecendo esta frase didáctica: “O dianteiro avanzou pola esquerda vinte metros canecendo a varios xogadores; xa a catro metros da portería, Zubizarreta botóuselle ós pés e abrangueulle o balón, momento no que o dianteiro avanta ó porteiro para non mancalo”.

No eido dos substantivos preocúpame que se utilice “pazo” como sinónimo de “palacio”. É certo que todo pazo é un palacio, pero non ó revés. En canto a brétema-néboa, ¿saben os escritores qué diferenza hai e poderán defender, cientificamente, o uso privilexiado de brétema?

Así pois, do que se trata, en non poucos escritores, é de non coincidiren coa palabra castelá en casos onde, sempre ou case sempre, se violenta a semántica da palabra galega. Hai outros casos, menos ilexítimos, que quero amosar. Sei de escritores que só empregan

“malia” e nunca “a pesar de”, “pese a” ou “a pesares de” (construcción noutros escritores moi usada quizais polo prestixio do pseudomorfema –es que evoca un infinitivo conxugado). En moitos (¿ou en todos?) esta preposición non é viva no seu dialecto. Séxao ou non, e aínda no suposto de que os termos sinalados sexan sinónimos, ¿por que esa monotónia, que é, como mínimo, antiestilística, antiestética? Eu nunca usei “malia” porque para min é unha preposición libresca da que ignoro, vivencialmente, os seus matices expresivos e de uso. O mesmo desacougo teño, cando, algunha vez, utilizo “agás”, desacougo que me vén de non saber exactamente cal é a peculiaridade semántica e o campo estricto de uso desta preposición vinculada, como sabemos, a un territorio moi limitado onde creo que xa é un arcaísmo. Aínda que así non fose, “excepto de”, “salvo”, etc., sempre deben terse en conta no xogo estilístico do escritor.

Escritores hai, eu entre eles, que prodigámo-lo adxectivo “engaiolante”, como sinónimo, máis ou menos, de “fascinante”, adxectivo que queremos evitar por proído (¡prurito!), pola nosa parte, diferencialista. Deste xeito, o escritor empobrece deliberadamente o seu estilo –no que está, no fondo, a dimensión literaria–, ademais de atentar, ás veces e nalgũa medida, contra a realidade, contra a natureza das cousas. Todos sabemos que un feito pode ser engaiolante, ou fascinante, ou deslumbrante, ou cautivante, ou... O escritor que, ante esta polifonía da realidade, só emprega “engaiolante”, non funciona, nese caso, como bo escritor e renuncia a elaborar, nesa constelación léxica, a lingua literaria do seu país. Para miña nai –aldea, 90 anos– non hai cousas “notorias”, pero hainas “rechamantes” e “chamativas”, que non é, exactamente, o mesmo. Ben sei que “chamativo” é un tipo de castelanismo case rechamante (adxectivo forxado desde o castelán “llamativo”), pero escritores hai que saben cándo unha cousa é notoria, cándo rechamante e cándo chamativa. Nós aquí, nesta constelación léxica, podemos beneficiármonos do castelán, do castelanismo, incorporado xa á fala común. Se un fala e escribe desde dentro do idioma, en harmonía co xenio do idioma, estes termos enriquecen. Acabo de comprobar, nun importante diccionario castelán-galego de 1990, que a traducción de llamativo é “rechamante” ou “vistoso”. É un caso de puritanismo.

Están por estudar estas constelacións léxicas, este tipo de constelacións constituídas por un conxunto de termos que abranguen o que algúns lingüistas chaman campo semántico, campo constituído nestas constelacións por un certo número de vocábulos de significación máis ou menos afin, tanto nos que son autóctonos como nos que son foráneos, pero todos presentes na mente e na fala non autorreprimida das persoas cultas de Galicia.

* * *

A presente conferencia non é máis que o esbozo dun traballo que alguén terá que desenvolver en varios centos de páxinas e cun aparato (non aparello) de citas que expliquen, en cada autor e en cada tempo, os criterios filolóxicos desde os que se elabora tal ou cal

tipo de galego. Hai cuestións, importantes sen dúbida, que eu non trato ou só apunto moi levemente. Pero isto é unha conferencia, non un tratado de trescentas páxinas. Aínda así, creo que quedou claro –desacordos á parte– o que é, en moitos momentos da miña disertación, a súa améndoa: o galego literario e o galego escrito é algo que houbo que ir inventando nunha comunidade onde durante centos de anos os estamentos cultos desa comunidade non elaboraron, no idioma do país, na dimensión oral, os correspondentes sociolectos cultos.

Hoxe a situación é algo distinta, se ben non moi distinta. Contra o que digan certos *amateurs* da sociolingüística, o galego non é hoxe un idioma falado, máis ou menos habitualmente, por algúns dos estamentos cultos das vilas e das cidades. É falado, incluso na Coruña, por individuos cultos (médicos, profesores, arquitectos...) que podemos definir como militantes dun partido sen sigla que é o partido da causa da lingua galega. Hai décadas nin sequera existía isto (antes de 1960 ninguén, na cidade, galeguista ou non, educaba –socializaba– en galego ós seus fillos).

Non existe, pois, un estamento numeroso e compacto de envidiable status cultural e social que teña, na súa relación diaria e profesional, o galego como idioma habitual, se ben é certo que varios centos de individuos (na cátedra, na escola, na tribuna, no fogar...) usan, a cotío, a lingua galega. Habería que ver en que medida estes individuos –que non son un estamento social– contribúen á elaboración ou consolidación da norma culta do noso idioma. Pero este sería outro tema, non alleo ós datos e ós signos que suxiren, para a nosa lingua, un porvir moi problemático. Tamén é certo que existen, non moitos, algúns signos máis alentadores. Entre eses signos, polo que ten de pasado, de presente e de esperanza, está o ilustre e inexpugnable Instituto da Lingua Galega.